



Panxoliña d' O Páramo

Arcadio López-Casanova

Noite de frío e de neve,

folerpas de Luz nas campas.

*- Ai o meu Neno, ai Amor,
durmido e nu na barcalla!*

De neve e frío é a Noite

que aluma unha Estrela alba.

*- Ai o meu Neno durmido,
espidiño que dá mágoa!*

Por Mundín Luz de folerpas,

vén cara a O Rodo a rosada.

*- Ai o meu Neno, ai Amor,
aterece na barcalla!*

Unha alba Estrela que aluma

os arboredos d' A Armada.

*- Ai meu Amor, o meu Neno
os ollos abre á luzada!*

Por A Armada os arboredos,

Luz de abalar que os anaina.

*- Ai o Meniño, ai o Amor,
ledo sorrí na barcalla!*

Ledo está o meu corazón!